

Suxestión dirixida ao Concello de Begonte para que comprobe os feitos descritos pola reclamante e, no seu caso, se proceda a dotarlle do mesmo sistema de alumado co que xa contan os seus veciños a dereita e esquerda.

Expediente: N.9.Q/3722/22

Santiago de Compostela, 26 de maio de 2023.

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito presentado por XXX referido a deficiencias no alumado público no Concello de Begonte.

#### **ANTECEDENTES**

No seu escrito, expón como motivo da súa queixa: “discriminación en el alumbrado público” esencialmente, facendo constar o seguinte:

*...tras un primer contacto sobre este tema con la concejala de Gaibor, me aconseja pedir cita en el concello con el alcalde de Begonte que me recibe el día 21 de julio de 2020. Tras plantearle la situación de que tuve un foco led frente a mi vivienda durante unas semanas y que me fué retirado sin motivo alguno ni aviso previo volviendo a colocar el anterior de bombilla que nunca funcionó, quedó en darme solución a corto plazo ante tan ridícula e inexplicable situación con el agravante de que tuve tal servicio por breve tiempo y me fue retirado, añadiendo que teniendo al día el pago el impuesto del concello, que incluye el servicio de alumbrado, tengo el mismo derecho que el resto de los vecinos. Por cierto hago constar que mis vecinos a derecha e izquierda de mi casa y pegados a la mía sí tienen el nuevo foco funcionando. Pasados unos meses y tras comunicarme telefónicamente con el alcalde sobre el mismo tema me dice que será solucionado. A día 26 de noviembre de 2020 persistiendo tal situación registro en el concello el primer documento escrito sobre el tema. A día de hoy 30 de mayo de 2022, casi 22 meses después, y ante tal silencio administrativo por parte del organismo antes mencionado, recurro al valedor para reclamar este derecho que ignoran de forma tan fragante.*

*Añadir que el barrio de Vigo en lo que refiere al servicio de alumbrado está bastante abandonado pués desde su acceso de entrada en la que hay una marquesina de bus escolar, donde hay luz gracias a que los propietarios de dicha vivienda que hace esquina no apagan las luces particulares que rodean su casa, conscientes de que mi hija espera ahí el autobús*

*escolar cada día a las 07:40 de lunes a vierne. Tenemos un gran tramo, cuesta arriba en que no hay foco alguno y que en invierno tenía que acompañar de madrugada a mi hija de 14 años con una linterna hasta la parada debido a la oscuridad absoluta con el riesgo que tal situación implica. No obstante, a día de hoy tal situación no se produce pués mi hija ya no cursa en el instituto de Rábade, pero en lo referente al alumbrado todo sigue sin solución siendo de imperiosa necesidad el foco frente a mi casa pués no podemos apenas abrir la puerta de casa, únicamente con la ayuda de una linterna ya que no vemos ni la cerradura . Adjunto fotos de todo el barrio y en especial del tramo de mi vivienda y del pequeño camino, vía pública según la guardia civil, pegada a mi casa que tampoco tiene alumbrado alguno y por el que transitan vecinos en absoluta oscuridad*

Ante iso requirimos información a ese concello que xa nola remitiu e na que se pon de manifesto o seguinte:

*O Concello de Begonte conta con 19 parroquias e dentro delas numerosos núcleos de poboación, así como, unha cantidade moi importante de vivendas illadas . A maiores sinalar a existencia dunha rede viaria moi extensa que vertebra e comunica todos os núcleos e casas.*

*Inicialmente instalouse un alumeado público, no que o concello subministraba as luminarias e acometía a instalación do alumeado conectado aos contadores particulares coa condición de que se abonaba anualmente ese custo ao propietario por parte do concello.*

*Dende fai catro anos optouse por substituír ese alumeado "semipúblico" por un alumeado totalmente público e conectado a cadros de titularidade municipal e ao mesmo tempo mudar as luminarias de vapor de sodio por lámpadas tipo led.*

*Todo o anterior supón unha inversión de preto de dous millóns de euros, que para o orzamento municipal supón un enorme esforzo que fai que acometamos ese investimento en varias anualidades, pero coa garantía de que se levará acabo en todas e cada unha das parroquias e vivendas do termo municipal.*

*A diferenza de outras parroquias e barrios, o barrio onde reside Dona XXX xa conta con alumeado público dende fai tempo . Por desgracia para un concello pequeno como o de Begonte ,a capacidade económica e a imposibilidade de endebedamento dos últimos anos, fixo que o ritmo de mellora e implantación de servizos non fose o que houbésemos desexado. Aínda así, creo que comparativamente cos concellos da nosa poboación , estamos por enriba ou cando menos ao mesmo nivel en canto á calidade e á cantidade dos servizos.*

*Na cuestión particular do alumeado , priorizouse dende o primeiro momento ás entidades de poboación e ás vivendas . Sendo conscientes e tendo como obxectivo último, que todas as*

*vías públicas dispoñan de alumado, unha vez se remate toda a extensión de alumado, recollido nos correspondentes proxectos.*

*Non cabe dúbida por tanto , que Dona XXX está no seu dereito en solicitar unha mellora na cantidade de luminarias xunto a súa casa e incluso ao longo de toda a estrada onde non hai vivendas . Pero a criterio desta Corporación, para evitar agravios e crear veciños de primeira e segunda, decidiuse priorizar a implantación progresiva do alumado , atendendo inicialmente as vivendas , para logo acometer a extensión ao resto da vía pública na que non hai vivendas ao seu carón.*

*Toda ésta información foille trasladada persoalmente en conversa a Dona XXX por parte do Alcalde en persoa .*

Á vista do contido do escrito de queixa e do que se manifesta no informe da Administración, cómpre facer as seguintes

### **CONSIDERACIÓNS**

**PRIMEIRA.**- Segundo manifesta a reclamante no seu escrito de queixa:

Tivo un foco led fronte á súa vivenda durante unhas semanas e foi retirado sin motivo algún nin aviso previo volvendo a colocar o anterior foco de bombilla que nunca funcionou.

Segundo manifesta a reclamante, *“tras un primer contacto sobre este tema con la concejala de Gaibor, me aconseja pedir cita en el concello con el alcalde de Begonte que me recibe el día 21 de julio de 2020. Tras plantearle la situación de que tuve un foco led frente a mi vivienda durante unas semanas y que me fue retirado sin motivo alguno ni aviso previo volvendo a colocar el anterior de bombilla que nunca funcionó, quedó en darme solución a corto plazo consta”* .

Fai constar tamén a reclamante que os seus veciños a dereita e esquerda da súa vivenda teñen o novo foco funcionando.

A reclamante pon tamén de manifesto no escrito de queixa que: *“Pasados unos meses y tras comunicarme telefónicamente con el alcalde sobre el mismo tema me dice que será solucionado”* .

**SEGUNDA.**- Segundo a información remitida polo concello:

- Dende fai catro anos optouse por substituír o alumeado "semipúblico" por un alumeado totalmente público e conectado a cadros de titularidade municipal e ao mesmo tempo mudar as luminarias de vapor de sodio por lámpadas tipo led.
- A diferenza de outras parroquias e barrios, o barrio onde reside a reclamante xa conta con alumeado público dende fai tempo .
- Na cuestión particular do alumeado, priorizouse dende o primeiro momento ás entidades de poboación e ás vivendas .
- A criterio desta Corporación, para evitar agravios e crear veciños de primeira e segunda, decidiuse priorizar a implantación progresiva do alumeado , atendendo inicialmente ás vivendas, para logo acometer a extensión ao resto da vía pública na que non hai vivendas ao seu carón.

Por todo o exposto ata agora, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, da Valedora do Pobo, cómpre facer chegar a ese Concello de Begonte a seguinte

### **SUXESTIÓN**

Que respectando a autonomía municipal e a súa capacidade de auto organización comprobe os feitos descritos pola reclamante e, no seu caso, se proceda a dotarlle do mesmo sistema de alumeado co que xa contan os seus veciños a dereita e esquerda.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da suxestión formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, a Valedora do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do

conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando a Valedora do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño  
Valedora do Pobo  
(Asinado dixitalmente)